



Prioridad 1. O.E. 1.b) Artículo 40 FEMP.  
Medida 1.2.2  
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%

## CIRCULAR DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO SOBRE A SUBVENCIONALIDADE DOS GASTOS DE ADQUISICIÓN DE EQUIPOS DE POSICIONAMENTO XEOGRÁFICO

*ORDE de 23 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca ( FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.*

PROCEDIMENTO: PE209C/2020F.

O artigo 6 “*de proxectos subvencionables*” establece como subvencionables operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies . Coa finalidade de mellorar a coordinación e as condicións de seguridade do persoal que estea a realizar estas actividades de vixilancia e control, cada un dos efectivos de vixilancia levará un sistema portátil de xeolocalización.

O artigo 7 “*de gastos subvencionables*” establece no apartado c) como gastos subvencionables os equipos de posicionamento xeográfico para seguimento dos efectivos de vixilancia que terán as seguintes características:

- Sistema portátil de seguimento GPS
  
- Aplicación móbil e vía web para el seguimento online en tempo real
  
- Histórico ilimitado de posicionamento/rutas.
  
- Posibilidade de descarga de datos GPX/kml/xls dende a propia web/app.





En base ao anteriormente exposto para solicitar subvención para a adquisición dos equipos de posicionamento xeográfico deberase ter en conta o seguinte:

- Estes equipos deberan cumprir coas **características técnicas** especificadas no artigo 7 punto 1,c). O formato ou tipo de dispositivo portátil (móvil, pulseira...) será a elección da entidade sempre e cando cumpran coas características técnicas e co principio de precio de mercado. Todo gasto para ser considerado subvencionable debe cumprir co establecido no artigo 7 das bases reguladoras. O gasto debe ser necesario, razoable e xustificado.
- O dispositivo é para facer seguimento da actividade de vixilancia, é dicir non é necesario un dispositivo por persoa que faga labores de vixilancia subvencionada senon que un mesmo equipo podería ser usado por distintos vixilantes se non coinciden no tempo, dependerá da programación de actividade de vixilancia proposta pola entidade no proxecto da axuda solicitada.
- Débese ter en conta que esta orde subvenciona a persoal de vixilancia non a vehículos polo que o dispor destes dispositivos en **vehículos non pode substituír** aos equipos portátiles subvencionables. Os equipos de xeolocalización para vehículos non son subvencionables ao abeiro desta orde de axudas.
- No artigo 8 de gastos non subvencionables no seu apartado g) establece-se expresamente que non son subvencionables nin gastos de funcionamento nin de mantemento nin de conservación de bens e equipamentos. En base a isto so sera **subvencionable a adquisición inicial** dos equipos portátiles de xeolocalización, **non serán subvencionables** cuotas periódicas ou facturas de servizos de mantemento ou de reparación nin de aluguer de equipos.
- A adquisición de equipos estará en consonancia coa programación e número de efectivos solicitados, poderá realizarse nunha das dúas anualidades ou nas dúas anualidades que comprenden estas axudas según a necesidade. É dicir se solicítasen **por exemplo** un efectivo de vixilancia para o ano 2020 e tres efectivos para 2021, será necesario adquirir un equipo en 2020 e dous equipos máis en 2021.
- No tocante ao período de subvencionalidade no artigo 7 punto 4 establece-se que só serán subvencionables os gastos realizados durante o período de execución do proxecto, é dicir do 1 de xullo de 2020 ao 30 de xuño de 2021, polo que o pago da adquisición destes equipos para ser subvencionable deberá **ser a partir do 1 de xullo de 2020**.
- A **posta en funcionamento** dos equipos portátiles de xeolocalización poderá necesitar algúns días segundo os casos. Por isto poderá non haber rexistros no histórico de posicionamentos nos primeiros días do mes de xullo de 2020 e non máis aló do 13 de xullo de 2020 (ou de 8 de xaneiro de 2021 de tratarse da anualidade 2021), dita incidencia deberá ser comunicada ao Servizo de Xestión de Proxectos para que quede xustificada.

Santiago de Compostela  
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo  
(Asd. dixitalmente)

